

ANÁLISE DO MEDIO FORESTAL

A oenegué Amigos da Terra pídelle á Consellería de Medio Rural que revalorice a función do Consello Forestal Galego e invista máis na prevención e análise das causas dos lumes para alcanzar unha "correcta" xestión do terreo verde do país

Unha ollada ecoloxista ao monte

XIANA IG. - SJAS
SANTIAGO

A oenegué pola defensa da natureza Amigos da Terra presentou a principios deste verán ante a Consellería de Medio Rural un escrito refrendado por 300 sindicatos no que proponen novas actuacións para unha "correcta" xestión dos montes galegos. Polo agora, afirman non ter recibido máis resposta deste departamento que unha carta de agradecemento do conselleiro, Alfredo Suárez Canal.

A asociación gaega basea as súas propostas na idea de que o monte é un sector estratéxico dentro de punto de vista ecológico, económico e social; un vido no que deberían incrementar as inversiones públicas xa que estas "multiplican exponencialmente os beneficios ao conxunto da sociedade".

Ainda reconhecendo a "complexidade" deste sector estruturaron as

"O monte é un sector ecológico, económico e social estratéxico"

súas peticións en catro puntos tan así cos que, consideran, se deberían ter en conta á hora de elaborar o Novo plan de desenvolvemento rural 2007/2013.

En primeiro lugar, apostan por unha Reforma do Consello Forestal Galego, un foro que naceu por obriga e recomendacións dos organismos internacionais da Unión Europea. Segundo o ecoloxista membro da oenegué, Xosé Santos, o Consello Forestal "tristemente non está a convencer co seu obxectivo inicial e debe ser máis dinámico e integrador". E é que, segundo Santos, o Consello funciona máis como un órgano burocrático, un cubrío expediente", que como un instrumento asesor e participativo, xa que se reunén dúas ou tres veces ao ano e en cada reunión "botamos como moito tres ou catro horas".

Porén, Amigos da Terra reclama que o Consello Forestal sexa o eixo a través do que buscar "o imprescindible consenso sobre política forestal e loita contra os lumes que precisa o noso país". Para cumplir debidamente con estes obxectivos, Santos precisa que, segundo o exemplo de Francia, se deberían crear organismos a nivel comarcal que marcaren unhas pautas adaptadas e acordes á situación de cada bisbarra. Ademais considera que hai sectores sociais que hoxe están fóra do Consello e deberían contar con representantes como, por exemplo, os sindicatos de casal.

A través da segunda proposta sinalan a necesidade de crear políticas de dinamización, estrutura-



Amigos da Terra emprega a educación para incuscar entre nenos e maiores o cuidado e respecto polo monte

NORMATIVA

"Temos que fuxir da cultura do lume"

Xosé Santos denuncia que en Galicia existe unha cultura do lume da que teríamos que fuxir e que, porén, está fomentada polo Orde do 12 de xullo de 2007, a través da que se subvencionan as rozas e queimadas controladas. Santos advierte que unha boa parte dos incendios forestais son debidos a negligencias no uso do lume e ao escape de que mas e apostar por "literas" vivas ou silvopastorais sinónimo do manejo para producir materia orgánica.

Pacto de Estado contra incendios

"Temos que deixar de usar os lumes e os montes como unha arma arrebatadora dunha contra outros", afirma Santos. Para conseguir este obxectivo o ecoloxista cre que é imprescindible a creación dun "Pacto de Estado sobre a política forestal e a loita contra os incendios; unha política forestal cun deseño a longo prazo cunha visión máis alá de dúas ou tres exitas aturadas", deixando o monte á marxe de posibles estratexias electorais e políticas.

ción e xestión sostible do medio rural; unha aposta moi ampla e complexa que pasaría pola elaboración de plans "integrados e integradores que fixen a poboación"; pero ante todo na posta en marcha de actuacións que tivesen en conta ao medio rural, "un grupo que non fai presión e que, polo tanto pesa pouco á hora de definir políticas". Santos entende de que se está a traballar de costas ó medio rural e así explica que "haxa pobos que non reciben prácticamente nada pola ocupación de rexeneradores nos seus montes".

Perón, sen dúbida, unha das principais preocupacións da asociación é a creación de instrumentos que fagan efectiva a loita contra os incendios. De tal xeito, valoran o "loable

esforzo inversor da Xunta en política forestal", que pasou de 70 millóns de euros en 2006 a máis de 150 en 2007. Pero, á vez, denuncian que se sigan destinando más cartos á extinción que á prevención, na que afirman "queda case todo por facer".

É por iso que entende que a administración pública debería pre-

"Deberíase investir máis en prevención que en extinción"

ocuparse máis do coñecimento cultural dos ecosistemas forestais, o que, á súa vez, "xeneraría máis emprego, melloraría a calidade das masas boscosas e axudaría a consolidar o sector en moitas zonas".

Pero, indo máis aló, a oenegué pide que se traballe e empreguen máis cartos na análise das causas dos lumes, á vez que denuncia que a Xunta "volviu desaproveitar e infravalorar os seus propios recursos". neste caso, aos Axentes Forestais; "un colectivo que polos seus coñecementos, implicación social e integración no medio son un punto básico á hora de escuchar as causas dos lumes". De todos os xeitos, Santos reconoce que hai un cambio positivo en canto á implicación dos medios actuantes (fiscalía, forzas de orde pública) para atallar as principais causas dos lumes en Galicia.

Neste sentido, a postura da asociación coincide coa de moitas outras organizacións vinculadas ao medio rural: as medidas para rematar coa praga incendiaria debe partir dunha análise dos lumes e pautas de comportamento da poboación.

Por último expoñen ante a Consellería a necesidade de revisar a normativa galega vixente para os usos e recalificación dos solos. Isto é, a modificación da Lei do solo de

Os Axentes Forestais, básicos para analizar as causas dos lumes

1999 que, aproveitando un valeiro legal, permite desenvolver os núcleos rurais ou solo rústico, ainda que foran incendiados.

A 'filosofía' de Amigos da Terra queda plasmada de xeito somero nestas reivindicacións á Administración. Ainda así, a oenegué confia na educación como principal instrumento para revalorizar e formar o coñecimento e respeto polo monte. Por iso, que Santos recalca a importancia de levar a cabo programas de formación entre os nenos e de concienciación e divulgación no conxunto da poboación "para lograr que o monte galego deixe de ser un descoñecido".